

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao proceso que nos últimos anos está levando a cabo a Deputación de Pontevedra co Museo Provincial.

O Museo de Pontevedra fundouse nos anos 20 no contexto dunha cidade na que había unha grande sensibilidade pola cultura e unha inquietude cultural que favorecía a creación deste museo feito por e para o pobo pontevedrés. A este museo foron vinculados algúns dos máis grandes intelectuais da historia da Galiza, de moi diferentes ideoloxías políticas, como poden ser Losada Diéguez, Castelao ou o mesmo Filgueira Valverde, ao que este ano vai dedicado o día das Letras Galegas. Durante todos os seus anos de vida, o museo albergou grande parte de obras, sendo un referente da cultura galega en xeral e pontevedresa en particular, ademais de contar cun dos fondos máis consultados polos investigadores galegos.

Isto foi así até que, no ano 2012, a Deputación de Pontevedra anunciou a intención de integrar o museo na estrutura orgánica da deputación, eliminando así o padroado do propio museo e finiquitando todo atisbo de autonomía e independencia, que o definiran ata ese momento, pasando a ser directamente controlado pola deputación, outorgándolle os fondos que conveña, e controlando todo tipo de acto e de obra que se fagan ou se teñan para consultar na propia institución. Así mesmo, pouco despois, sóubose da intención de abrir un restaurante nos baixos do edificio do propio museo, catalogado como ben de interese cultural, aprobando a licitación deste restaurante en xuño do 2014.

Neste tempo, no que o museo foi controlado directamente pola deputación, non faltaron as críticas por parte de investigadores, historiadores e asociacións de todo tipo pola utilización do edificio da deputación para albergar algún acto e polo tratamento dos fondos que alberga o museo. Dende a expulsión da polifónica do museo, tras 80 anos de historia en común, até o horario da biblioteca, pasando pola supresión da bienal, e que o persoal laboral da deputación decida o que se pode consultar ou non. Poucas accións da deputación neste tempo escaparon das críticas vertidas dende sectores tan diversos.

A todo isto podémoslle sumar os riscos de que algún dos fondos cos que contan o museo hoxe en día sexan retirados polos seus autores, como foi o exemplo do escritor Sabino Torres que ía doar toda a súa biblioteca ao museo e, finalmente non o fixo polos cambios políticos que este sufriu. Por mor destes cambios políticos, o museo sigue sen contar cun inventario público dos fondos que teñen, ocasionándolles problemas aos historiadores e investigadores que queren consultar estes fondos. Así mesmo, vemos como o edificio do museo albergou nos últimos meses actos como unha exposición de exaltación do militarismo español, ou actos dunha asociación política como Galicia Bilingüe, actos que deberían quedar fora de institucións como un museo provincial que depende dunha deputación.

Ante todo isto, o grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión.

- 1.ª) Apoia a Xunta a concesión dun restaurante nos baixos dun edificio como o do museo en Pontevedra?
- 2.ª) Sabe a Xunta da utilización política de edificios do museo de Pontevedra?
- 3.ª) Pensa a Xunta pedir máis transparencia sobre os fondos que contén o museo de Pontevedra á Deputación?



4.a) Apoia a Xunta a supresión do padroado do museo de Pontevedra e o control deste por parte da Deputación?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 05/05/2015 16:11:01